

Ermida das Fontelas/da Nosa Señora da Asunción

020086

Datos de Localización

Capela

Nomenclator:	3201206
Coord. UTM:	X: 607717 Y: 4649796
Concello:	Os Blancos
Parroquia:	NOCEDO
Lugar:	Nocedo
Tipoloxía:	Arquitectura Religiosa
Tipo:	Capelas
Subtipo:	Capela



Denominación:	Ermida das Fontelas/da Nosa Señora da Asunción
Etapa Histórica:	Idade Moderna
Estilo relevante	Renacentista
Outros Estilos:	Gótico

Descrición:

Ubícase no lugar denominado As Fontelas, á beira da estrada comarcal que une Xinzo de Limia con Baltar, aproximadamente no p.k. 8.100. Aparece illada nun prado, próxima aos diferentes mananciais dos que toma o seu nome.

Presenta planta rectangular, destacando a súa ábsida de menores dimensións en planta e alzado. A cuberta a tres augas é de tella do país.

Na súa cara exterior a ábsida presenta perpiaño ben concertado e liso, con restos de encintado. Como remate unha nacela sinxela serve de soporte ao tellado. Na parede sur, o máis saliantable é unha pequena fiestra rectangular con amplo derrame interior.

Na fábrica construtiva da nave distínguense aparellos diversos:

- un primeiro tramo, tras a ábsida, de mampostería irregular
- un segundo, de perpiaño ben concertado, conforma o tramo final da nave, serve como soporte da espadana e pecha a nave conformando a súa fachada norte.

Esta espadana lateral con arco de medio punto alberga unha campá e atópase coroada cunha cruz flanqueada por pináculos piramidais.

- mantendo a alineación anterior, engadiuse un terceiro tramo de sillería irregular e mampostería, que configura un pequeno adro cuberto. É a actual fachada principal do templo. A súa cronoloxía, é claramente posterior ao todo o conxunto.

En fronte dela, hai unha cruz florenzada sobre capitel moldurado que descansa sobre un varal de sección cuadrangular con escaso desenrolo e pedestal de forma cúbica de tosca labra.

No ano 1990 descubríronse unha serie de murais renacentistas nos seus muros interiores.

No libro 4.10.8. De NOCEDO hai unha serie de referencias a dita ermida:
Fol.24v. Visita 11 Xuño 1679.

"Ay una hermita de nuestra señora no tiene renta esta con decencia".

Fol.33v. Visita 30 xullo 1687.
"ay una ermita de Nuestra señora de fontelas esta con decencia".

DOCUMENTACIÓN:

- Ficha S.I.A.A.E. Ministerio de Cultura.
- FARIÑA BUSTO, F. e BARRIOCANAL LÓPEZ, Y. Informe sobre a Ermida das Fontelas. Ourense, 24 de maio de 1990.
- La Región. Jueves, 10 mayo de 1990. Descubren un mural renacentista al limpiar la ermita de Fontelas.
- A.H.D.OU.
NOCEDO (Anexo de SANTA MARÍA DE COVELAS).
Libro 4.10.8

Características Construtivas

- Plantas:** Baixa
- Edif. Anexas:**
- Mat. Fachada:** Granito
- Mat. Estrutura:** Granito e madeira
- Mat. Cuberta:** Tella
- Elementos singulare**
- Construtivos:**
- Decorativos:**

Delimitación do Ben e da contorna

- Situación:** Outros
- Area de Protección:** 100 m.

Protección

- Tipo de ben:** Inventariado
- Proposta de tipo de ben:**
- Estado de Tramitación:** Declarado
- Nivel de Protección Arq.:** Integral
- Proposta Nivel de Protección Arq.**
- Grao de Protección Arq.:** ----
- Proposta Grao de Protección Arq.** ----
- Xustificación da Protección:**
- Titularidade**
- Polígono:**
- Parcela:**

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Relixioso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles









